

PFID: Matrícula e normas xerais

Persoas destinatarias

As actividades do Programa de Formación e Innovación Docente (PFID) están destinadas ao Persoal Docente e Investigador (PDI) da USC que exerce ou colabora nas tarefas de docencia e investigación.

Para dar resposta ás necesidades dun colectivo tan amplo e diverso, o PFID establece a participación dos grupos destinatarios segundo a seguinte estrutura:

- Profesorado dos corpos docentes universitarios e profesores/as contratados/as.
- Contratados/as predoutorais e postdoutorais con docencia en POD.
- Contratados/as de investigación sen docencia en POD (ata un 20% das prazas naquelas actividades que polo contido corresponde ao seu perfil de desenvolvemento profesional) [*]

[*] No caso de non ser cubertas as prazas ofertadas para o profesorado con docencia en POD, poderanse adjudicar a contratados de investigación sen docencia en POD que estiveran en lista de agarda.

Matrícula

A lista de cursos xestiónase cunha aplicación informática localizada na sección da web denominada "[Programación](#)". Dende dita sección pódense consultar os datos de cada curso (lugar, data e horarios), descargar o programa seleccionando o nome do curso e preinscribirse. A programación de cursos e actividades estará aberta durante o curso (outubro a xuño) e a oferta xeral pode sufrir variacións debido á incorporación de novos cursos ou pola baixa de cursos cando non se acade un número mínimo de persoas matriculadas.

Condições do programa:

- O período de oferta de cursos establécese entre outubro e xuño.
- Os cursos que non cubran o 75% da matrícula ofertada anularanse, agás aqueles que leven práctica con ordenadores ou sesións de conversación en linguas, que terán un mínimo de dez persoas.

Procedemento de matrícula

A preinscición nos cursos realízase exclusivamente de forma telemática. A matrícula formalízase desde o PFID de acordo coa orde de entrada da solicitude e comunicaráselle con un correo a cada persona.

O persoal **con docencia en POD** empregará o enlace á páxina de matrícula dispoñible en cada curso. No caso de non ter credenciais de acceso á Secretaría Virtual, [consultar á ATIC](#). Unha vez aberta, a preinscición pode facerse de dúas formas:

1. Desde a propia páxina do PFID, en cada curso aparece un apartado "Preinscrición", ao seleccionalo accédese á pantalla de identificación de usuarios, elixa Secretaría Virtual do PDI, e alí prema a opción "Inscribirme na actividade".
2. Na Secretaría Virtual Docente, desde a sección "Actividades, cursos e probas" > "Oferta" > "Programa de Formación e Innovación Docente" listaranse os cursos co prazo de preinscrición aberto.

No caso de tratarse de bolseiros/as e contratados/as de investigación **sen docencia en POD**, empregárase exclusivamente o seguinte [formulario de solicitude de matrícula](#).

Límite do número de inscricións

Poderán realizarse, por curso académico, ata un máximo de oito actividades formativas do Plan Xeral e dúas do Plan de Formación a Demanda.

Renuncias

As persoas admitidas nun curso que non poidan asistir deberán [comunicalo ao PFID](#) a través de correo electrónico, para poder ofertar a súa praza ás persoas en lista de agarda. A renuncia debe ser feita cunha antelación mínima de tres días antes da data de inicio do curso.

Se non se renuncia nos termos fixados anteriormente ou non se completa a asistencia mínima estipulada en cada curso (80% da súa duración total), computará para os efectos de límite de cursos anual por usuario.

Certificados de asistencia e Diploma en Docencia Universitaria

Para o recoñecemento da formación, ademais dos certificados de asistencia correspondentes a cada actividade, a USC expide un Diploma de Docencia Universitaria (DDU). Este diploma será emitido a solicitude da persoa interesada, cando reúna o requisito de ter realizadas 100 horas de formación, correspondentes aos cursos do PFID. Serán excluídas do DDU aquelas actividades que expresamente se indiquen na convocatoria dos cursos.

Para o caso das accións formativas no ámbito da prevención de riscos laborais, o máximo de horas contabilizadas para a obtención do DDU será de 15 horas.

No caso do recoñecemento de actividades de formación do PDI, só se contabilizarán, a efectos do DDU, un máximo de 25h.

O interesado deberá solicitar a expedición deste diploma [a través do correo electrónico](#) indicando o nome completo, DNI e especificando que se solicita a expedición do Diploma de Docencia Universitaria.